


MATEMÁTICAS E POESÍA



Os números primos

*a primacia dos números primos
os primordiais números primos
eu, a número primo
ti, o número primo
primeiro primates, logo números primos
inmortais coma números primos
intocables a berrar cómeme,
e o teu nome coma un cristal de neve polo que ver este poema
naturais pero primos
irracionais pero primos*




*cunha absurda realidade que suscita ás delicias que nos dividen
que incita a máis números primos
e moitos, moitos máis números primos
e así toda unha vida dentro de nós mesmos, números primos
a soñarnos, parodiarnos, desafiarnos números primos
a sabernos tan tristes e tan primos*

*entre a estupidez da perfección que sempre salda toda conta
e o terceiro canto do galo no que negarse para un renacer*



Estibaliz Espinosa

MATEMÁTICAS E POESÍA



*As matemáticas son o refuxio
con máis sen fin que darse poida.
Nada dubida alí, nada treme.*

*tan só cinco por cinco
igual a vintecinco.*

*Non anos transcorridos
senón 25*

*tan alleo á experiencia humana
que ata sen océanos, sen sangue,
seguiría a ser*

25.

Sen abandono posible.

Raíz de 625.

Sen mutacións químicas.

Sen tempo

sen é?

25. Sinxelamente.

Sen querer ser máis.

*Máis que matemáticas
descoñecidas ata de si propias.*

Carentes por completo da insoportable autocompaixón.

*Nin chamarán de noite á túa porta
nin pedirán nada de ti*

*mais tampouco che darán as costas
que non posúen*

pois que van sempre de fronte e cristal nidio.

Así son as matemáticas.

MATEMÁXICAS

Un rudo 25.

Un insubornable 25.

Tal que nos seus 13

nos seus 25.

Esencial e único.

Infindo e único.

Ignorando 24 e 26

nadal

vodas de prata

ou cuarto de qué.

Ingravidamente.

pouco pero bastante.

E non 2 e 5 senón 25.

E sen saber do holismo nin de Bertrand Russell.

Así son as matemáticas.

Sen peso que levaren

sen medida

sen datas no lombo, sen querer voar.

Lonxe deste mel que tanto esvara.

Dando sempre no cravo

no cravo que nunca ardendo


no cravo que nunca teñen

cravado no corazón.



Estibaliz Espinosa

MATEMÁTICAS E POESÍA



LISTA DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS NAS QUE CYBORGS, HÍBRIDOS OU SEREAS PENSAN CANDO NAMORAN DUN MORTAL

*A do comportamento das aves migratorias
hainas que non volven.*

*A do crecemento dunha duna nunha praia
o crecemento e o seu impertinente desafío á lei da gravidade.*

*A da expansión dun virus
que nos protexan da pureza!*

*A do tempo no que cicatrizan as feridas
unha vez sucada a súa suculencia*

*A dos nosos movementos ao longo dunha noite de varias horas
A da nosa obscenidade que nos permite pensar no cosmos e non
na fame*

*A da relación de coordenadas entre unha mesma e a copia
dunha mesma
quen di isto: a xenuína, a plaxio?*

*A das proporcións áureas que rexen o teu corpo ata impedirnos
rexer*

*A da cantidade exacta de droga que debemos subministrarnos
ata certos esquezos*

*A do grosor do fio da espada pendurada sobre as nosas tenras
cabeciñas*

A do diámetro que abrangue a nosa meniña cando entras ti

*A do tempo que transcorrerá ata que alguén pase de novo a
vista por esta liña*

A da velocidade e a gula dos teus ollos sobre esta liña

A da inclinación das nosas medulas dentro dun beixo

A da nosa posición respecto á galaxia xemelga, Andrómeda


A da curvatura do ovo

*A da curvatura do ovo cando escacha entre as nosas mans de
androide*

A da magnitude e composición da épica en toda a nosa historia


*A da curvatura do ovo que rompe nas nosas mans da androide
cando se aproxima o teu nome nunha lista de nomes, cando
chega o teu nome mutado de cifras, de fórmulas que repetimos
arañando este texto, porque épica é abrirse paso cara o que nos
ten de antemán vencido, contra o que mata e queima e arrastra
e ilumina*

*coa fórmula do tempo no que cicatrizan as feridas baixo cada
un dos dedos que non volven acariciarte nunca
nunca
nunca*



Estibaliz Espinosa

MATEMÁTICAS E POESÍA



A IDADE DE DIOFANTE

*Passant, sous ce tombeau repose Diophante.
Ces quelques vers tracés par une main savante
Vont te faire connaître à quel âge il est mort.
Des jours assez nombreux que lui compta le sort,
Le sixième marqua le temps de son enfance;
Le douzième fut pris par son adolescence.
Des septs parts de sa vie, une encore s'écoula,
Puis s'étant marié, sa femme lui donna
Cinq ans après un fils, qui, du destin sévère,
Reçut de jours hélas! deux fois moins que son père.
De quatre ans, dans les pleurs, celui-ci survécut.
Dis, si tu sais compter, à quel âge il mourut.*

*Camiñante, baixo esta tumba descansa Diophante.
Estes poucos versos trazados por unha man sabia
Vante facer coñecer a que idade morreu.
Dos días bastante numerosos que lle tocaron en
sorte,*

*a sexta parte marcou o tempo da súa nenez;
A duodécima constituíu a súa adolescencia.*

*Das sete partes restantes da súa vida, unha transcorreu nun
matrimonio estéril.*

*Despois estando casado, a súa cónxuxe deulle
pasados cinco anos un fillo que, do destino severo
viviou por desgracia, dúas veces menos que o seu pai.*


Catro anos, en choros, este sobrevivíu.

Dime, ti que sabes contar, a que idade morreu.



Emili Furrey

MATEMÁTICAS E POESÍA



TRIÁNGULO ARMÓNICO

*Thesa
La bella
Gentil princesa
Es una blanca estrella
Es una estrella japonesa.
Thesa es la más divina flor de Kioto
Y cuando pasa triunfante en su palanquín
Parece un tierno lirio, parece un pálido loto
Arrancado de una tarde estio del imperial jardín.
Todos la adoran como a una diosa, todos hasta el Mikado
Pero ella cruza por entre todos indiferente.
De nadie se sabe que haya su amor logrado
Y siempre está risueña, esta sonriente.
Es una Ofelia japonesa
Que a las flores amante
Loca y traviesa
Triunfante
Besa.*

A 3D visualization of a complex, twisted surface, possibly a Möbius strip or a similar topological structure, rendered in blue lines. The surface is highly curved and twisted, with a central vortex-like structure. The lines are dense and follow the curvature of the surface, creating a sense of depth and movement. The overall shape is somewhat heart-like or kidney-shaped, with a central indentation.

Escandalizaron aos ortodoxos das formas euclidianas
e aos esexetas do Universo infinito.

Romperon convencións newtonianas e pitagóricas.
E á fin resolveron casarse, constituír un fogar,
máis que un fogar, unha perpendicular.

Invitaron como padriños
ao Polígono e á Bisectriz.

E fixeron planos e ecuacións e diagramas para o futuro
soñando cunha felicidade
integral e diferencial.

E casáronse e tiveron unha secante e tres conos
moi divertidos

E foron felices
ata aquel día
no que todo se volve ao fin
monotonía.

Foi entón cando xurdiu
O Máximo Común Divisor.

Ofreceulle, a ela,
unha grandeza absoluta
e reducíuna a un denominador común.

El, o Cociente, percibiu
que con ela non formaba un todo,
unha unidade.

Era un triángulo, chamado amoroso.

Dese problema el era unha fracción
a máis ordinaria,

pero foi entón cando Einstein descubriu a Relatividade
e todo o que era espurio volveuse moralidade
como en calquera sociedade.

Nas moitas follas
do libro de matemáticas
un Cociente namorouse
un día dolorosamente
dunha Incógnita.

Viuna coa súa mirada innumerable
e viuna dende o ápice á base:

Unha figura impar;
ollos de robot, boca de trapecio,
corpo rectangular, seos esféricos.

Fixo da súa unha vida
paralela á dela,
ata que se encontraron
no infinito.

Quen es ti? - indagou ela
con ansia radical.

- Pero podes chamarme hipotenusa -.

E de falar descubriron que eran
(o que en aritmética corresponde ás almas irmás)
curmáns entre si.

E así se amaron
ao cadrado da velocidade da luz,
nunha sexta potencia trazando, ao sabor do momento
e da paixón,
rectas, curvas, círculos e liñas sinoidais
nos xardíns da cuarta dimensión.




[illegible]

Catro círculos chegaram a bicarse,
tanto menores tanto mais curvados,
e é a sua curvatura tan só a inversa
da distancia dende o centro.

[illegible]


A 3D visualization of a complex, twisted surface, possibly a Möbius strip or a similar topological structure, rendered in blue lines. The surface is highly curved and twisted, with a central vortex-like structure. The lines are densely packed and follow the curvature of the surface, creating a sense of depth and movement. The overall shape is somewhat heart-like or kidney-shaped, with a central indentation.

RAÍZ
CADRADA



A 3D visualization of a complex, twisted surface, possibly a Möbius strip or a similar topological structure, rendered in blue lines. The surface is highly curved and twisted, with a central vortex-like structure. The lines are densely packed and follow the curvature of the surface, creating a sense of depth and movement. The overall shape is somewhat heart-like or kidney-shaped, with a central indentation.

*Volvías da túa mente brillante
tan humilde coma quen quedou en branco
no medio da neve pero ti non o sabes.
Aprendín a contar con fabas que me dabas
a saber que un peón branco perdía a vida facilmente
ante unha rainha negra
que a combinatoria é unha arma sagrada
que se a dez garavanzos se lle saco tres
estou resultado e o resultado é sete. [...]*




999.

Teorema:

Ti es o maior
eu a pequena.

Despexas o día cunha ecuación
saio ó sol a verte


íntegra coma a mazá que esperta segura
da súa semente. (...)



IV
 Cómplice amigo contemplo contigo
 o arco da vella das nosas vidas
 a álgebra da liberdade
 as raíces profundas do polinomio do humor
 o amor contido a partes idénticas no ácido nucleico (...)

E por se non che dixen que te quero
 escribo este concerto para cromosomas e cordas
 por se un día perdo a memoria e non recordas
 que eramos un sendo dous
 marabilla da matemática
 enigma da metafísica
 evidencia da vida.

MATEMÁTICAS E POESÍA




*Cando te coñecín fomos simétricos
como un cristal de neve,
con esa perfección sinxela das matemáticas.*

*Non houbo treguas nin na xeometría
das nosas formas, nin na perfección
dos inseparados, nin na virtude
da repetición.*

*Moitas noites tiveron medo dos números
e doutras sucesións infinitas.*




MATEMÁTICAS E POESÍA



SON A SUMA TOTAL


Son a suma total
Son a suma total
daque! que foi medindo
a pegada aquela que non digo,
pegada que soía se puxo o seu nome.
Son resta da esperanza -diferencia quedou-
- Multiplicada xa nacín,
pra qué dividirme agora?
San, enteira voume indo,
san, enteira vou quedando,
o paso xa me cederon,
inda que o camino se vira,
vaise virando en duro,

as pegadas ben se ven
vense volcar nas penas,
liman os picos dos montes,
rañan a cume i o mar,
rañan as alturas todas,
rañan a neboa,
rañan o sol,
ráñanse todas nunha,
ésta cingese
vaise cinguindo.
i Terra, alma donai
Pegada que soía
se puxo o seu nome.



María Mariño

MATEMÁTICAS E POESÍA



A XEOMETRÍA DO CARBALLO

*Contaime como é un carballo,
como é o cantar dun río
cando se enche de paxaros.*

*Falaime do mar. Falaime
dos arrecendos do campo.
E das estrelas. Do aire.*

*Recitaime un horizonte
libre de pechos e chaves
como a casupa dun pobre.*

*Decime como é o alento
dunha muller. Daime o nome
do amor : xa non me lembro.*

*¿Aínda as noites se perfuman
de namorados tremendo
de paixón baixo da lúa?*

*¿Ou non hai máis ca esta foxa,
a luz dunha sepultura
e a canción das miñas lousas?*

Vintedous anos... Xa esquezo

*ata a dimensión das cousas,
a color, o cheiro... Escribo*

*a cegas: "o mar", "o campo"...
digo "fraga" e non percibo
a xeometría dun carballo.*

*Falo por falar de asuntos
que me borraron os anos.
(Non podo seguir: escoito
os pasos do funcionario)*



Marcos Ana